

# PALMIRA DE OUROL

PALMIRA fora unha muller moi bela. Había moitos anos que deixara atrás a súa xuventude, pero iso non lle impedía sentirse nova e chea de vida. Gostaba de vestirse á moda, peitearse de perruquería e pintarse coa devoción dunha moza, a pesar de rebasar os oitenta. Vivira sempre en Ouro, nunha casa habaneira que seu pai fixera cando fora emigrante en Cuba, amasando unha grande fortuna para aquel tempo. Dicían os que a coñecían de preto que tivera un gran desengano amoroso, e que estivera esperando a chegada dun home dun retrato que amosaba moi poucas veces.

O regreso daquel home nunca chegou, e xa nos derradeiros anos da súa vida, e como é costume nesta época, foi dar a unha residencia, onde Cecilia e eu fomos as súas cuidadoras. Mientras estivo con nós, devecía que chegara o mes de Nadal para ir ó belén de Begonte.

«Tendes que compañarme» dicía, «xa veredes qué cousa más bonita».

Así o fixemos, nos catro anos que estivo na nosa compañía fomos con ela sempre. Viamos cómo ano tras ano o vivía intensamente. Coñecía tódalas figuriñas, pois dende que se inaugurara aló polos anos setenta faltara moi poucas veces.

«Mirade aquelas lavandeiras, puxéronas este ano». «Aí, mirade os carpinteiros e a leiteira que tamén son novos, e os esquíos na póla dos carballos». «Aí, os segadores, Deus meu canto teño segado eu! Agora non hai trigo», «Moito me teñorido coas xoldras que facíamos cando rematabámo-lo traballo...»

Sentíase identificada co neno, pois dicía que a el non lle deran pousada, e a ela a súa familia non lle dera cariño nin acubillo de vella.

Despois, cando remataba a sesión a xente saía para entrar outras, ela sempre repetía: «Quero volver a velo». Despois levábanos ó museo que hai ó lado, onde están as casiñas e as figuriñas que en anos anteriores ocuparan un sitio no belén. Alí sentaban nunha cadeira para coller aire. Non quería saír daquel mundo envolvente cheo de maxía e paz.

Enfermou gravemente un outono e dicía que ese ano xa non iría máis ver o belén de Begonte. Nosoutras diciámosselle: «Si muller, xa verá como se pon ben e si».

«Non, non irei, pero tendes que prometerme que iredes por min».

Así llo prometemos e así o fixemos, fomos a Begonte. Alí as lembranzas foron moitas. Botamos de

menos a súa presenza e sintimos un grande baleiro pola súa falta.

O belén, como en anos anteriores, seguiu co seu ritmo, as figuriñas puxéronse en movemento, fíxose o día, volvے a noite, pero nun momento cando a sarabia e a treboada estaban amainando, sentín cómo me apertaban as mans, acompañado dun forte olor a xasmín, o perfume preferido de Palmira.

Mentres saía a xente senteime nos bancos pois as pernas empezáronme a tremer. Mirei para Cecilia e sen ela dicirme nada sentín que lle pasara o mesmo ca min. «Non fagas preguntas», díxenlle, «hai cousas que non teñen explicación».

Saímos de alí moi contentas, non sen antes facermos un pacto de que isto sería un segredo das tres, pois como non podía ser menos este ano tamén Palmira estivo con nós vivindo o belén de Begonte.